

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E A CONSELLERÍA DE SANIDADE A TRAVÉS DO LABORATORIO DE SAÚDE PÚBLICO PARA O CONTROL DA CALIDADE DAS AUGAS SOTERRADAS DENTRO DO ÁMBITO TERRITORIAL DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DE GALICIA-COSTA

I.- Antecedentes.

Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que ten por finalidade, entre outras, a preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.

A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden a Xunta de Galicia en materia de sanidade, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde pública e na Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

II.- Razóns de oportunidade.

A Directiva 2000/60/CE pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (Directiva Marco da Auga, DMA), establece a necesidade de implantar diferentes programas de monitorización que permitan determinar o estado das masas de auga, incluídas as augas soterradas, e Augas de Galicia, entidade pública empresarial adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, é o organismo de conca responsable do control da calidade da auga no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.



Por outra banda, a Directiva 2006/118/CE, relativa á protección das augas soterradas contra a súa contaminación e o seu deterioro, entrou en vigor o 16.01.2007, e foi trasposta ao marco legislativo estatal a través do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas soterradas contra a contaminación e o deterioro. Ademais das disposicións relativas ao estado químico das augas soterradas, este real decreto establece as medidas para determinar e inverter as tendencias significativas e sostidas ao aumento das concentracións de contaminantes e para previr ou limitar as entradas de contaminantes nas augas subterráneas.

Así para coñecer o estado actual da calidade das augas soterradas é preciso analizar en laboratorio diversos parámetros de calidade das augas en determinados puntos de control de augas soterradas.

O Servizo de Laboratorio de Saúde Pública da Consellería de Sanidade ten, entre outras, a función da execución dos análises que se lle encomenden en materia de saúde pública. Conta con medios técnicos e humanos necesarios para a realización da análise dos parámetros precisos para coñecer o estado actual da calidade das augas soterradas.

O artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece a posibilidade de que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público autonómico formalicen acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia

III.- Obxectivos que se pretenden.

O obxecto deste acordo é regular a cooperación entre as partes asinantes de cara a unha adecuada programación e desenvolvemento da análise en laboratorio de parámetros de calidade das augas nos puntos de control de augas soterradas indicados no anexo I do acordo

De conformidade co establecido no artigo 14.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, Augas de Galicia compensará á Consellería de Sanidade polos custes nos que incorra para a realización dos análises, que estímense en unha cantidade máxima de 380.568,96 euros, con



cargo á conta 6299 “Outros servizos” do Plan Xeral de contabilidade pública de Galicia. A citada cantidade inclúe, todos os impostos, tributos e taxas que, no seu caso, compra aplicar. A distribución de anualidades é a que segue

2016: 79.285,20

2017: 190.284,48

2018: 110.999,28

Santiago de Compostela

O director de Augas de Galicia

Roberto Rodríguez Martínez

(asinado dixitalmente)

